

## **TRIATLON DE MENORES CONCELLO DE PORTO DO SON (PBX/BX/ALV/INF/CD)**

### **Proba de selección da categoría Infantil para o Cpto de CCAA de Logroño**

#### REGULAMENTO

##### **Organiza:**

Concello de Porto do Son  
Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno  
Teléfono: 982251345

##### **Patrocina e promove:**

Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno  
Concello de Porto do Son

##### **Colaboran:**

##### **Artrogal Tri 498**

Real Club Náutico de Portosín  
Secretaría Xeral para o Deporte.

Este regulamento rexerase e adaptará ás recomendacións ou esixencias das autoridades sanitarias locais, autonómicas e nacionais, podendo en calquera momento adaptarse a novas situacións, xa sexa para aumentar restricións ou reducilas, dependendo da evolución da pandemia Sempre baixo as directrices do protocolo FÍSICOCOVID-DXT da Federación Galega de Triatlón certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte Vixente no momento do desenvolvemento da competición.

Parte deste regulamento está adaptado ás necesidades da situación sanitaria e ás esixencias das autoridades sanitarias

## **1. NORMAS ESPECÍFICAS**

### **1.1 PARTICIPACIÓN**

Poderán participar deportistas de forma individual, tanto pertencentes a clubs e entidades federadas como independentes federados que non pertencen a ningún club, que así o desexen, competindo dunha forma recreativa e lúdica entre mozos e mozas da comunidade galega.

A participación queda aberta a deportistas de ambos os sexos, nas súas categorías correspondentes segundo a idade.

### **1.2 INSCRICIÓN**

Tramítanse a través da web da Federación Galega de Triatlón.

As inscricións pecharanse o martes previo á proba, ás 23:59 horas.

## TRÍATLON DE MENORES CONCELLO DE PORTO DO SON



Porto do Son

Crearase unha bolsa de reserva de prazas durante a primeira semana de apertura de inscricións ,por categoría e xénero, de acordo á porcentaxe de licencias na data de publicación do regulamento. A partir de aí as prazas outorgaranse por estrita orde de inscrición.

A solicitude de baixa deberá ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com), antes do remate do prazo de inscrición para que non sexan penalizadas, de acordo aos regulamentos FEGATRI vixentes.

### 1.3 DOCUMENTACIÓN

Todos os participantes e adestradores deberán identificarse con DNI, Licenza ou documento oficial con foto

### 1.4 TÉCNICOS E DELEGADOS

Cada Club designará un técnico/delegado responsable do club fronte a calquera incidencia da competición.

O acceso ás transicións e zonas de competición só está permitido a técnicos/as federados con licenza en vigor da FEGATRI.

### 1.5 NORMAS E RECLAMACIÓNS

Aplicarase o regulamento de competicións da FETRI coas adaptacións aprobadas polos regulamentos da FEGATRI para a modalidade.

De acordo ao regulamento oficial de competicións, en todas as competicións poderase participar con bicicleta de estrada ou de montaña. A categoría benxamín e alevín ten permitidos os minifreos.

Se a temperatura da auga é menor de 11º o segmento de natación será cancelado. Se a temperatura da auga está entre 11º e 15,9º o uso do traxe de neopreno será obrigatorio. Se a temperatura da auga está entre 16º a 22º o neopreno será opcional. Se a temperatura supera 22º prohibese o uso do neopreno.

As reclamacións e apelacións réxense polo procedemento aprobado e publicado:

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

O acceso á zona de transición en cada proba pecharase 10 minutos antes da saída da competición de cada categoría e estará restrinxido a deportistas e adestradores con licenza FEGATRI, acreditado a través da web da FEGATRI para a proba. O resto do tempo permanecerá nas condicións que marque o organizador.

### 1.6 NÚMERO DE PRAZAS NA PROBA

Como se informaba no preámbulo deste regulamento, a celebración de Probas deportivas está condicionada á situación sanitaria e o Tríatlon Escolar de Porto do Son debe cumprir unha serie de normas moi estritas entre as que está o límite de aforo, por esta razón limitarase a participación. Este límite podería cambiar ao longo do ano.

## TRIATLON DE MENORES CONCELLO DE PORTO DO SON



FEGATRI  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E PRÁCTICAS AFILIADAS

SEOM  
MANAGEMENT



concello  
Porto do Son

O número total de prazas serán 300 (ampliadas a 350 no segundo prazo), distribuídas proporcionalmente de acordo ás licenzas federadas que haxa no momento da publicación do regulamento.

Asemade, débense reservar 150 prazas para infantís ó ser proba de clasificación para o Campionato de España.

### 1.7 DISTANCIAS

Prebenxamín- 25 m de natación – 250 m a pé (1/2 volta)

Benxamín : 50 m de natación – 2 Km en bicicleta ( 1 volta ) – 500 m a pé.(1 volta)

Alevín: 100 m de natación – 4 km en bicicleta (2 volta) – 1000 m de carreira a pé.(2 voltas)

Infantil: 200m de natación – 6 km en bicicleta (3 voltas) – 2000 m de carreira a pé (4 Voltas)

Cadete: 300m de natación – 6 km en bicicleta (3 voltas) – 2000 m de carreira a pé (4 Voltas)

### 1.8 ENTREGA DE PREMIOS

En cada competición entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados, masculino e

feminino das categorías Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete e ós tres primeiros clasificados por equipos

Na categoría Prebenxamín haberá medallas para todos os participantes que finalicen a proba

### 1.9 HORARIOS DAS CARREIRAS

Sábado, 4 de xuño de 2022

12:00 Proba Prebenxamín – Nada e corre NON COMPETITIVA

12:15 Saída proba benxamín

12:45 Saída proba alevín

16:30 Saída proba infantil

17:30 Saída proba cadete

Hora de remate da proba: 18:15 horas aproximadamente

### Participantes:

Deportistas con licenza galega de triatlón en vigor das seguintes categorías.

- Prebenxamín: nados e nadas en 2015 e 2016 (6 anos cumpridos)
- Benxamín: nados e nadas en 2013 e 2014
- Alevín: nados e nadas en 2011 e 2012
- Infantil: nados e nadas en 2009 e 2010
- Cadete: nados e nadas en 2007 e 2008

# TRÍATLON DE MENORES CONCELLO DE PORTO DO SON



## 1.10 INFORMACIÓN XERAL

### Saída, transición e meta:

ZONA VERDE FACHADA MARÍTIMA DE PORTO DO SON

### Recollida de dorsais:

Dende ás 11:00 h. ata media hora antes de cada saída.

### Control de Material:

Dende 30 minutos antes de cada saída ata 10 minutos antes da mesma.

Os/as deportistas accederán con todo o material colocado (dorsais, casco, bicicleta...) e identificados con DNI/licenza ou documento oficial con foto.

### Cámara de chamadas

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10' antes da súa saída.

### Inscricións:

Inscrición gratuíta.

**(Só deportistas con licenza da FEGATRI de tempada)**

**Ata o martes 31 de maio de 2022**

**Proba limitada a 300 deportistas** das categorías, Benxamín, Alevín, Infantil e cadete.

Ata o 12 de maio reservaranse 150 prazas para categoría infantil e 150 prazas a repartir por cada categoría e xénero benxamín, alevín e infantil en función do número de licenzas. A partir desa data as prazas restantes estarán abertas a calquera categoría e xénero.

Reserva de prazas ata 12 de maio.-

BXF	BXM	ALF	ALM	CDF	CDM
15	21	24	39	17	34

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado [competicións/calendario](#) accedendo á carreira de referencia.

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [competicións/calendario](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.-

Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

### Baixas e política de Devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com), antes do remate do prazo de inscrición para que non sexan penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

### **LISTAXE DE AGARDA**

Esgotadas as prazas reservadas en calquera das categorías, abrirase unha lista de espera para cada unha, que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o 31 de maio, sendo o último movemento o 1 de xuño ás 14:00 h.

### **Publicación de Listas de Inscritos**

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

### **NORMATIVA XERAL PROTOCOLO FICICOVID-DXT**

Segundo se recolle no protocolo preventivo [FICICOVID-DXT da FEGATRI](#) certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte vixente no momento da celebración da proba, é obrigatorio

- Manter a distancia interpersonal de 1.5 m en todo momento
- Uso de máscara recomendado
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.
- En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas polas autoridades sanitarias vixentes no momento da celebración da proba

**Acreditación e recollida de dorsais** - .- será obrigatorio identificar aos nenos e nenas cun documento oficial con foto

### **Saída :**

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara a zona de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización. Ao entrar no caixón de pre-saída, cando o/a oficial o indique, os/as deportistas que leven máscara poderán desbotala no contedor ou bolsa habilitada nese punto a tal efecto, seguindo as instrucións dos oficiais

### **Chegada a Meta:**

unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega de avituallamento e sairán da zona de post-meta para dirixirse á transición e recoller a súa bicicleta.

Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

## TRIATLON DE MENORES CONCELLO DE PORTO DO SON



Porto do Son

**Abandono da sede:** unha vez finalizada a participación deberase abandonar a zona de competición, evitando aglomeracións ou reunións grupais tanto antes como despois do evento.

### **Cronometraxe**

A cronometraxe será ELECTRÓNICA.

### **NORMAS DE COMPETICIÓN:**

A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes da Federación Galega de Tríatlon para a especialidade e o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

### **Os nenos e nenas deberán identificarse con documento oficial con foto**

Para as categorías benxamín e alevín, estarán permitidos os minifreos nas bicicletas, unha vez que se revise que a súa colocación non infrinxe a seguridade para deportistas e resto de participantes.

### **Servizos médicos e seguros deportivos**

Os servizos médicos da organización destinados ao longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre triatletas, polo que estes lle deberán ceder o paso.

Os/as participantes, contarán co seguro deportivo para actividade deportiva federada de 6-16 anos, debendo seguir o protocolo publicado na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ante calquera incidencia.

### **Reclamación e Apelación**

Segundo o regulamento oficial de competición FEGATRI.

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

### **CIVISMO E RESPECTO:**

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifiestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratar o material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo aos regulamentos deportivos. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.